



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIANXO

Tesourería - Recadación

Aprobación do padrón da taxa pola ocupación do solo con postos (mercadillo semanal) período xaneiro-febreiro 2023

EXPOSICION PUBLICA PADRÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLA OCUPACIÓN DO SOLO CON POSTOS, CASETAS DE VENDA, INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES. (xaneiro-febreiro 2023)

Acórdase aprobar o Padrón da Taxa Pola Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial Do Dominio Público Local Pola Ocupación Do Solo Con Postos, Casetas De Venda, Industrias De Rúa E Ambulantes. (xaneiro-febreiro 2023)

O padrón quedará exposto nas dependencias de Recadación, durante 15 días, contados a partir do día seguinte ao que se publique este anuncio no BOP, prazo durante o cal os interesados poderán examinalo e formular alegacións.

Contra as liquidacións comprendidas no Padrón poderase interpor recurso de reposición, no prazo dun mes, a partir da finalización do prazo de exposición ao público, ao abeiro do artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei Reguladora das Facendas Locais. Contra a resolución recaída poderá interpor recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación de dita resolución, ou ben no prazo de seis meses se non recae resolución expresa no prazo dun mes dende a interposición do recurso de reposición.

O presente edicto ten carácter de notificación colectiva, de acordo co artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e de anuncio de cobranza, segundo o artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

O período voluntario de ingreso comezará o 12 de xullo e rematará o 12 de setembro, ambos os dous incluídos.

Os pagos poderán realizarse en calquera das entidades colaboradoras na recadación dos tributos do concello de Rianxo; a través da Banca electrónica ou en caixeiro automático nas entidades colaboradoras.

Os recibos domiciliados pasaranse ao cobro o día 12 de xullo de 2023.

Transcorrido o período voluntario de ingreso, iniciárase o período executivo, e as débedas esixíranse pola vía de constrinximento e devengarán as recargas, xuros e custas que se produzan.

Rianxo, 9 de xuño de 2023

Asinado dixitalmente

Adolfo Muiños Sánchez, Alcalde en funcións do Concello de Rianxo

2023/4630